

EVENTOS ANOS ANTERIORES



2014 - 2018

Esta **iniciativa solidaria** comezou con varios eventos de gran repercusión mediática que vincularon a Negreira cos chef estrela Michelin.



2019

Nace **Estrelas Solidarias no Camiño de Santiago**. Os beneficios nesta ocasión foron destinados á Asociación Anxiños, que proporciona atención a nenos e adolescentes con problemas de saúde mental.



2022

Con máis de 450 comensais e 60 estrelas Michelin, as Estrelas Solidarias no Camiño de Santiago colaboraron nesta ocasión coa *Asociación Compostelá de Esclerose Múltiple ACEM*.



2023

Éxito foi incuestionable: máis de 60 empresas patrocinadoras, 350 asistentes e máis de 60 estrelas Michelin. Os beneficios obtidos foron destinados á “Asociación Síndrome X Fráxil” en Galicia.



2024

A décima edición demostrou unha vez máis o poder da gastronomía como motor de cambio social. con máis de 60 empresas patrocinadoras, máis de 450 asistentes e máis de 60 estrelas Michelin.

Por segundo ano consecutivo os beneficios obtidos foron destinados á “Asociación Síndrome X Fráxil” en Galicia.



2025

Por primeira vez os fondos foron destinados a 2 entidades benéficas: *Asociación Saúde Mental A Creba* e a *Fundación Persoas con Discapacidade Intelectual da Comarca de Barcala*. **Máis de 60 estrelas Michelin reunidas xunto a máis de 400 asistentes.**



EVENTOS EN PANDEMIA

2020 30 ESTRELAS MICHELIN

A pesar das dificultades dun ano marcado pola pandemia e cumprindo con todos os protocolos de seguridade anti-covid, o evento resultou un absoluto éxito de asistencia reunindo a 30 estrelas Michelin. Nesta ocasión os beneficios destináronse a *Cáritas Diocesana de Santiago*.



2021 44 ESTRELLAS MICHELIN

Seguimos crescendo e en 2021 son 44 as estrelas Michelin que se adhiren ao evento, cuxos beneficios se destinan novamente a *Cáritas Diocesana de Santiago*.

